



Contratación laboral temporal dun auxiliar de turismo. Concello de Porto do Son

Data: 05/07/2017.

Instrucións: marque a opción que estime correcta en cada cuestión, incluídas as 3 preguntas de cuestións de reserva. Cada pregunta unicamente ten unha resposta válida e as preguntas erradas non minorarán a puntuación. As preguntas contestadas correctamente puntúan 1,00 puntos cada unha delas.

1) Entre os seus recursos turísticos o Concello de Porto do Son conta con varios espazos naturais integrados na Rede Natura 2000, ¿cales?

- a) O Complexo húmido de Corrubedo.
- b) O Esteiro do Tambre.
- c) As opcións a) e b) son correctas.
- d) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

2) ¿Que organismo emite a "Q" de calidade turística?

- a) A Axencia de Turismo de Galicia.
- b) Instituto de Turismo de España (Turespaña).
- c) O Instituto para a Calidade Turística de España.
- d) AENOR.

3) ¿Cal das seguintes afirmacións é falsa?

- a) Son lugares da parroquia de Miñortos (San Martiño): Boiro, Bouzas, O Fieiro e Linteiros.
- b) Son lugares da parroquia de Nebra (Santa María): Calo, A Amoreira, Tores e Orseño.
- c) Son lugares da parroquia de Ribasieira (San Fins): Bustoseco, Calvelle, Inxerto e Xufres.
- d) Son lugares da parroquia de Muro (San Pedro): Cimadevila, Fonte Espiñosa, O Lapido e Rial.

4) Sinale a afirmación verdadeira.

- a) A fonte da Curuxa está na parroquia da Goiáns.
- b) O castro de Sobrado está situado en Nebra.
- c) O Concello de Porto do Son ten abundantes mostras de pinturas rupestres.
- d) Todas as anteriores son falsas.

5) Segundo a Lei de turismo de Galicia os concellos galegos teñen competencias para:

- a) Informar os plans sectoriais de interese xeral
- a) O desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia.
- b) Declarar de interese turístico as festas existentes no concello, previo expediente con informe preceptivo do Consello de Turismo de Galicia.
- c) Todas as respostas son incorrectas.

6) É un dereito dos usuarios turísticos, segundo a Lei de turismo de Galicia:

- a) A consolidación das áreas turísticas.
- b) O respecto ao desenvolvemento das actividades turísticas e os servizos turísticos.
- c) A tranquilidade.
- d) A dispoñibilidade de sinalización turística veraz e fiable.

7) ¿Cal das seguintes afirmacións é falsa?

- a) Son lugares da parroquia de Miñortos (San Martiño): Boiro, Bouzas, O Fieiro e Linteiros.
- b) Son lugares da parroquia de Nebra (Santa María): Calo, A Amoreira, Tores e Orseño.
- c) Son lugares da parroquia de Ribasieira (San Fins): Bustoseco, Calvelle, Inxerto e Xufres.
- d) Son lugares da parroquia de Muro (San Pedro): Cimadevila, Fonte Espiñosa, O Lapido e Rial.

8) ¿Cal é a nomenclatura da estrada que dá acceso ao sendeiro que conduce ao castro de Baroña?

- a) AC- 550.
- b) AC- 350.
- c) AC- 543.
- d) AG- 56.

9) ¿Cal das seguintes son praias do Concello de Porto do Son?

- a) Praia de Coira.
- b) Praia de Balieiros.
- c) Praia do Río Sieira.
- d) a) e c) son correctas.

10) Señala de entre os seguintes petroglifos o que non se atopa no Concello de Porto do Son:

- a) Petroglifo da Gurita.
- b) Petroglifo dos Mouchos.
- c) Petroglifo da Rastra.
- d) Petroglifo da Sobreira.

PREGUNTAS DE RESERVA

1ª) ¿En que supostos se pode autorizar a acampada libre?

- a) Nunca, a acampada libre está prohibida.
- b) Cando non exceda dun día e previa obtención do título habilitante de natureza urbanística.
- c) A acampada libre permítese unicamente en espazos de titularidade privada que estean debidamente delimitados.
- d) A acampada libre está permitida se non excede de dous días e non se realiza en espazos protexidos.



2ª) En que ano foi declarado Ben de interese cultural o castro de Baroña?

- a) 2009
- b) 2010
- c) 2011
- d) 2012

3ª) O artigo 5 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia enumera as competencias municipais en canto á materia turística de Galicia. Entre outras, cales das seguintes son competencias turísticas dos concellos galegos segundo este artigo?

- a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal.
- b) O desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia.
- c) Promover a declaración de municipio turístico e de festas de interese turístico.
- d) A, B e C son correctas.

